



BASES CAMPAMENTO DE NADAL 2024

1.- OBXECTO

O obxecto destas bases é o de organizar o desenvolvemento do campamento de nadal 2024 para proporcionar ás/os menores do Concello de Paderne unha alternativa de lecer cunha dobre finalidade: a de permitir a conciliación familiar, laboral e persoal das familias e a de ofrecer un espazo de recreación en igualdade de oportunidades.

2.- PERSOAS DESTINATARIAS

Menores de 9 a 14 anos de idade.

Quen teña unha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33% poderá participar nesta convocatoria sempre que posúa a capacidade de integración no grupo e que as súas necesidades especiais lle permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver, o que deberá ser acreditado mediante informe médico, educativo ou social.

3.- DESCRICIÓN DO CAMPAMENTO

➤ LUGAR

O lugar de referencia para a chegada e a recollida das/os menores será a sala de actividades do concello. Habrá unha saída programada.

➤ DATAS

O campamento levarase a cabo do 23 de decembro ao 3 de xaneiro (excepto 24, 25 e 31 de decembro e 1 de xaneiro).

➤ HORARIO

O horario do campamento será de 8.00 a 15.00 horas.

A entrada será flexible entre as 8.00 e as 9.00 horas. Igualmente a saída será flexible, entre as 14.00 e as 15.00 horas (o día da saída poderá haber modificación no horario habitual, que será comunicado con antelación).

➤ ACTIVIDADES

As actividades terán como eixo vertebrador a igualdade entre nenas e nenos, a través de iniciativas lúdicas e de ocio e tempo libre, tales como:

- Deportes en equipo.
- Talleres de iniciación ao deporte (tenis, golf...).
- Actividades de medio ambiente na natureza.
- Actividades artísticas e creativas.

➤ PRAZAS

O número de prazas estará condicionada á aplicación orzamentaria que se publicará no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica.

4.- CRITERIOS DE SELECCIÓN

Será requisito, que a nena ou neno estea empadroadado no Concello de Paderne. A adxudicación de praza será directa para as familias con rendas inferiores a 3 veces o IPREM, superado este criterio o acceso será prioritario para as familias nos seguintes supostos:

- 1) Familias monoparentais



- 2) Vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller.
- 3) Mulleres en situación de desemprego de longa duración.
- 4) Mulleres maiores de 45 anos.
- 5) Familias numerosas.
- 6) Unidades familiares nas que existan outras cargas relacionadas cós coidados.
- 7) Situación de activo laboral de ambos proxenitores.
- 8) Outras circunstancias especiais debidamente xustificadas e valoradas técnicamente polos servizos sociais comunitarios básicos.

No caso de que o número de inscricións supere o número de prazas dispoñibles, terase en conta a preferencia nas datas seleccionadas primando sempre a participación do maior número de menores posible, sen prexuízo de que puideran participar na outra quenda no caso de prazas vacantes.

5.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As persoas interesadas en participar nas aulas de conciliación deberán presentar a seguinte documentación no prazo indicado, preferiblemente por rexistro electrónico do Concello de Paderne.

- a) Solicitud QUE FIGURA COMO ANEXO I A ESTAS BASES.
- b) Copia do DNI da/o menor ou libro de familia.
- c) Copia da tarxeta sanitaria.
- d) Copia do DNI da nai/pai/titor/a legal, que asine a solicitude de participación.
- e) No caso de ter certificado de discapacidade, copia do mesmo.
- f) No caso de separación/divorcio entre os pais, copia da mesma para acreditar o réxime de custodia.
- g) Documentación xustificativa de que a renda familiar é inferior a 3 veces o IPREM (IRPF 2022) e dos puntos 1 ao 8 do apartado anterior.

6.- PRAZO DE INSCRICIÓN

O prazo de inscrición será dende o seguinte ao da publicación destas bases no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello ata o día 2 de decembro de 2024.

7.- PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS

A listaxe provisional de admitidas/os publicarase tras a valoración das solicitudes, que será definitiva no caso de non cubrirse todas as prazas e poderase consultar no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello.

As persoas solicitantes disporán de 2 días hábiles para presentar alegacións ao listaxe provisional.

A semana do 2 de decembro publicarase a listaxe definitiva de participantes admitidos.

A prestación do servizo e a súa iniciación, quedarán condicionados á efectiva disposición de crédito orzamentario, o que se certificará oportunamente no seu momento.

O Alcalde/Presidente
Sergio Platas Casal

Documento asinado dixitalmente.

